



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

**Expediente** núm.: 377/2018

**Procedemento:** Adxudicación contrato "Elaboración do Plan de Mobilidade Sustentable do Concello de Soutomaior"

## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN: PROPOSTA ADXUDICACIÓN

Reunidos no Salón de Actos da Casa Consistorial, o día 8 de outubro de 2018, ás 10:00 horas, reúnese a Mesa de Contratación para a adxudicación do contrato de Servizos "Elaboración do Plan de Mobilidade Sustentable do Concello de Soutomaior", formada por

**Presidente:** D. Agustín Reguera Ocampo, Alcalde-Presidente do Concello de Soutomaior

### Vogais:

D<sup>a</sup> Margarita Mariño Pérez, Secretaria-Interventora Concello

Ausente: D<sup>a</sup> Elena Reboredo Fernández, Secretaria-Interventora Adxunta Concello

**Secretaria:** D<sup>a</sup> Patricia Bouzón Rodríguez, funcionaria de carreira do Concello.

## ANTECEDENTES

1<sup>o</sup>) Con data 17/09/18 constituíuse a Mesa de contratación e procedeuse a apertura dos Sobres A: documentación administrativa e proposición suxeita a avaliación previa.

2<sup>o</sup>) Consta **informe valorativo do Sobre A**, de data 21/09/18, redactado polo enxeñeiro da entidade Lagares Oca, SL, D. Jose Antonio González Ferreira, que nos termos máis relevantes di:

*No artigo 2.2.7 do PCA indicase que se excluírá do procedemento de licitación a aqueles licitadores que incorporen no sobre A, a documentación que deba ser obxecto de avaliación posterior e que tivese que estar no sobre B.*

**CONSULTRANS indica no sobre A, que o periodo de execución proposto é de 5 meses e que realizará dúas reunións de traballo ó mes, aspectos que deberían aparecer no sobre B, o referirse a criterios avaliábles mediante fórmulas: B.2 e B.3, respectivamente.**

**En consecuencia CONSULTRANS debe ser excluída do procedemento.**

Resumo de valoración Sobre A:

LICITADORES	*A1	A2	A3	TOTAIS
EPTISA	15,00	14,00	12,00	41,00



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

IPLAN	15,00	12,00	9,00	36,00
SERYE	15,00	10,00	15,00	40,00

\* Os criterios, segundo o establecido no artigo 2.2.8 do Prego de Cláusulas Administrativas: "Criterios que dependan de un xuízo de valor", son os seguintes

▯ **A.1.** Valorarase como aspecto de especial importancia a metodoloxía a empregar no desenvolvemento do traballo, en función da súa adecuación aos obxectivos que se pretenden acadar co PPT; por tal motivo valorarase en primeiro lugar a axeitada formulación do traballo en atención á concreta realidade territorial e social do Concello de Soutomaior. Ata 15 puntos.

▯ **A.2.** Programa de execución dos traballos (diagrama gantt, diagrama espazo-tempo, inversións mensuais previstas). Ata 15 puntos.

▯ **A.3.** A idoneidade dos sistemas de produción de textos, cadros, bases de datos e planos. Ata 15 puntos.

3º) Con data 21 de setembro de 2018 a Mesa de contratación procedeu á apertura do das proposicións económicas (Sobre B), co seguinte resultado:

LICITADORES	PREZO OFERTADO	IVE	TOTAL PREZO OFERTADO
EPTISA	14.045,74 €	2.949,61 €	16.995,35 €
IPLAN	14.871,96 €	3.123,11 €	17.995,07 €
SERYE	13.900 €	2.919 €	16.819 €

Nesta sesión, a Mesa acordou **excluir á empresa CONSULTRANS** por incorporar no sobre A, documentación que debe ser obxecto de avaliación posterior e que ten que estar no sobre B e poñer a documentación "**Proposición económica**" (**Sobre B**) **presentada polas licitadoras a disposición da empresa Lagares Oca, SL para a emisión de informe valorativo.**

4º) Con data 1 de outubro de 2018 os enxeñeiros de Lagares Oca, SL (D. Jose A. González Ferreira e F. Javier Centeno Ameijeiras) emiten informe-proposta que na súa conclusión di:

*A oferta que acada ou maior puntuación total, sobre as ofertas presentadas á licitación para a contratación mediante procedemento aberto, simplificado, "Elaboración do Plan de Mobilidade Sustentable do Concello de Soutomaior". resulta ser SERYE.*

Dado que non existe ningún licitador que incorreu en presunción de temeridade, a puntuación das distintas ofertas é:

LICITADORES	VALORACIÓN
EPTISA	53,89 ptos.
IPLAN	47,59 ptos.
SERYE	55,00 ptos.



A vista dos antecedentes expostos e dos informes emitidos, a Mesa de Contratación ACORDA:

- Propoñer á Alcaldía a contratación da empresa SERYE para “Elaboración do Plan de Mobilidade Sustentable do Concello de Soutomaior” por ser a oferta que acada ou maior puntuación total, sobre as ofertas presentadas á licitación para a contratación mediante procedemento aberto, simplificado.

O Presidente dá por terminada a reunión ás 10:10 horas. E para que quede constancia do tratado, eu, a Secretaria, redacto Acta que someto á firma do Presidente; dou fe.

### **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**